

A ORIENTACIÓN DEPORTIVA

Secuencia didáctica para o terceiro ciclo de Educación Primaria

Proxecto interdisciplinar

GALOCHA E A SÚA AVOA *Descubrimos a súa historia*

Orientación Deportiva

DESEÑO XERAL DO CURSO

Lucía Lorenzo López
Orientación Deportiva
Proxecto interdisciplinar

2013/2014

ASPECTOS CURRICULARES

Obxectivos:

- Identificar os diferentes aparellos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.
- Recoñecer a nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificar aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor)
- Describir os sentidos e o sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos.
- Valorar de forma positiva os hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.
- Aceptar e practicar normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal.
- Coñecer actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.
- Elaborar cooperativamente traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, indicando as concepcións previas e formulando hipóteses, buscando información en fontes variadas - persoas expertas, a internet, enciclopedias, observación directa, monografías...-, seleccionando, tratando e esquematizando esa información, reflexionando sobre o proceso, confrontando coas compañeiras e compañeiros a información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.
- Valorar a biodiversidade e mostrar interese pola súa conservación.
- Respetar as diferenzas e rexeitar os estereotipos, os prexuízos e calquera tipo de discriminación (por razón de sexo, etnia, cultura, crenza, orixe...), desenvolvendo sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.
- Resolver problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas mediante a busca, a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións provisionais, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o proceso seguido, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.
- Identificar e diferenciar diferentes representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.
- Utilizar de forma guiada planos e mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.
- Preparar conxuntamente visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo.

- Identificar, localizar en diferentes representacións cartográficas e descrición dos principais e máis relevantes elementos xeográficos do contorno.
- Utilizar as TIC e outras fontes para recoller información sobre outros lugares, comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade, para comparar diferentes ambientes, paisaxes, modos de vida, costumes... e esquematizar a información con diversas estratexias.
- Estruturar e organizar as nocións espacio-temporais en accións e en situacións motrices complexas.
- Dominar motórica e corporalmente, a seguridade e autonomía en medios diversos: natural.
- Saber realizar un acondicionamento físico xeral orientado á mellora da execución das habilidades motrices.
- Practicar coordinacións globais e específicas en situacións complexas.
- Valorar o traballo ben executado desde o punto de vista motor.
- Aprender a ter unha disposición favorable para participar en actividades físicas diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.
- Previr lesións na actividade física: quecemento, dosificación do esforzo, recuperación/relaxación, primeiros auxilios...
- Utilizar de forma correcta e respectuosa o contorno, adoptando medidas de seguridade e de prevención de accidentes na actividade física.
- Mostrar actitudes favorables cara á actividade física con relación á saúde.
- Iniciarse na práctica de carreiras de orientación.
- Manexar de xeito básico a plataforma MOODLE.
- Traballar de xeito colaborativo na rede.
- Coñecer as normas básicas de Netiqueta.
- Aprender a referenciar imaxes, vídeos... utilizados nos seus traballos.

CONTIDOS

- aparellos e sistemas do corpo
- funcións principais dos aparellos e sistemas do corpo
- Nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificación de aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor)
- Os sentidos e o sistema nervioso
- Importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos dos sentidos e o sistema nervioso
- Hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.
- Normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal.
- Actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.
- Traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, concepcións previas, formulación de hipóteses, busca de información en fontes variadas -persoas expertas, a internet, enciclopedias, observación directa, monografías...-, selección, esquemas de información, reflexión sobre o proceso, confrontando coas compañeiras e compañeiros a información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.
- A biodiversidade.
- Diferenzas e estereotipos, os prexuízos tipos de discriminación (por razón de sexo, etnia, cultura, crenza, orixe...), sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.
- Problemas relacionados co contorno, uso de estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas mediante a busca, a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións provisionais, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o proceso seguido, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.
- Representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.
- Planos e mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.
- Visitase realización de itinerarios .Elementos da paisaxe e do relevo.
- Diferentes representacións cartográficas e descrición dos principais e máis relevantes elementos xeográficos do contorno.
- Utilización das TIC e outras fontes para recoller información sobre outros lugares, comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade, para comparar diferentes ambientes, paisaxes, modos de vida, costumes... e esquematizar a información con diversas estratexias.



- Nocións espacio-temporais en accións e en situacións motrices complexas.
- Dominancia motórica e corporal, a seguridade e autonomía en medios diversos: natural.
- Acondicionamento físico xeral orientado á mellora da execución das habilidades motrices.
- Coordinacións globais e específicas en situacións complexas.
- Traballo ben executado desde o punto de vista motor.
- Disposición favorable para participar en actividades físicas diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.
- Lesións na actividade física: quecemento, dosificación do esforzo, recuperación/relaxación, primeiros auxilios...
- Uso do contorno, adoptando medidas de seguridade e de prevención de accidentes na actividade física.
- Actitudes favorables cara á actividade física con relación á saúde.
- Práctica de carreiras de orientación.
- plataforma MOODLE.
- Traballo colaborativo na rede.
- Normas básicas de Netiqueta.
- Referenciación de imaxes, vídeos... utilizados nos traballos.

ASPECTOS PEDAGÓGICOS

Enfoque metodolóxico

Seguindo o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** a incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplicalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica no curso:

Salientararemos aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionará aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.

Dotaranse os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.

Centrarémonos na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados.

Queremos que o alumnado aprendades a aprender (esto significa que participaredes na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomos)

Favorecerase o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.

Permitiráselle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.

Todo isto permite inferir certos principios, estratexias metodolóxicas, fórmulas organizativas:

Estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.

A metodoloxía proposta será global, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.

A autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado forma parte fundamental das prácticas educativas actuais.



A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica polo que debes chegar as vosas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.

Utilizarase enfoques didácticos que vos permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

O rol do docente será como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que aprendades comprobando o interese e a utilidade do que aprendedes, de maneira que poidades transcender do contexto en que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crear un contorno seguro e un ambiente motivador.

Tipo de actividades e tarefas

Consultar en cada bloque o PDF onde aparecen as tarefas, actividades e exercizos a realizar, onde están situados e accións a levar a cabo.

☒ Producións esperadas.

Especificanse na táboa onde aparecen as tarefas, actividades e exercizos.

☒ Organización dos contidos (en paquetes de contidos, en "libros" de Moodle...).

- En paquetes
- En PDF

☒ Estratexias de avaliación

Técnicas de observación

- Diario
- Escalas

Técnicas de interrogatorio:

- Foros
- Chat

Técnicas de desempeño:

- Cuestionarios
- Base de datos

Técnicas para o análise do desempeño:

- Rúbricas

ASPECTOS LEGAIS

Propiedade intelectual

Respeto da autoría das imaxes, vídeos... referenciando correctamente. Para elo utilizaremos Creative Commons.

<http://es.creativecommons.org/blog/>

Accesibilidade

<http://w3c.es/Divulgacion/GuiasBreves/Accesibilidad>

ASPECTOS TECNOLÓXICOS

Hardware necesario

- Espacio de disco: 160 MB libres (mínimo) máis espazo para almacenar os materiais. 5GB .
- Memoria: 256 MB (mínimo), 1GB ou mais.
- Conexión a internet

Software necesario

Para traballar na aula virtual debemos manexar alomenos:

- Navegador Firefox
 - 1) Descarga dende: <http://www.mozilla.org/es-ES/firefox/new/>
 - 2) guía: <http://www.bibliotecalibre.cl/programas/manual/firefox.pdf>
- Procesador de textos
 - 1) http://www.ice.udl.cat/aside/manuals/openoffice/manual_basic_writer.pdf
- Plataforma Moodle
 - 2) http://download.moodle.org/docs/es/1.9.4_usuario_alumno.pdf
- Zotero
 - 1) <https://www.zotero.org/>



Esta está baixo unha [licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).